

# CÓDIGO DO CURSO: 11 - 2024

## Curso de Prevención de Riscos en Montaña Nivel 1 (homologación FEDME)

A Federación Galega de Montañismo (FGM), a través da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) convoca un curso de formación dirixido a todos/as deportistas federados/as galegos/as que estiveran interesados/as en mellorar a seguridade das súas actividades de montaña.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poida optar á realización do curso de nivel 2 do Plan formativo de seguridade da FEDME e deseñado polo seu comité de seguridade, dirixido a responsables de clubs e organizadores/as de actividades no medio natural.

### 1. Titulación:

Curso de Prevención de Riscos en Montaña nivel 1.

Primeiro curso dos tres que compoñen o Plan de Formación Xeral en Prevención de Riscos e Seguridade en Montaña deseñado polo Comité de Seguridade FEDME para a Escuela Española de Alta Montaña.

### 2. Obxectivo do curso:

- Servir de introdución á Metodoloxía da Prevención de Riscos.
- Identificar os perigos intrínsecos ás actividades e deportes de montaña.
- Avaliar os riscos da actividade.
- Realizar unha correcta planificación básica da actividade.

### 3. Competencias da titulación:

Curso imprescindible para realizar o nivel 2 (Xestión de riscos en actividades colectivas de montaña).

### 4. Coordinación e dirección do curso:

A EGAM encargárase da coordinación organizativa e loxística da formación e o docente da actividade será o membro do comité de seguridade da FEDME, Manuel Taibo Vázquez.

### 5. Prazas ofertadas:

Este curso convócase para un máximo de 25 prazas. De non chegar aos 18 matriculados/as, devolverase o importe da matrícula e/ou se aprazará o curso.

### 6. Requisitos do alumnado:

Atoparse en posesión da licenza federativa FEDME do ano en curso.

### 7. Prezo:

O curso terá un prezo de **50 € por alumno/a**.

### 8. Lugar, data e horario da fase presencial:

**Lugar:** Centro Galego de Tecnificación Deportiva; <https://maps.app.goo.gl/zHPT48DqEVs7D4gs5>

Rúa Padre Fernando Olmedo 1, 36002, Pontevedra

**Data:** **Sábado 13 de abril de 2024**



**Horario** da xornada presencial: de 9h a 15h

Periodo de realización da formación on-line: dende a data de alta na plataforma moodle da EEAM ata o día da actividade presencial.

#### **10. Modalidade do curso:**

Semipresencial

#### **11. Carga horaria**

O curso ten unha carga horaria de 50 h. lectivas. Componse dun **bloque on line** (superación de dous cursos de autoformación e visualización de cápsulas formativas EEAM de acceso libre), e unha xornada **presencial de 6 h** lectivas.

#### **12. Contidos e distribución da carga horaria.**

##### **Sesión presencial 6 h.**

1. Seguridade en Montaña
  - Definición e concepto
  - Nivel de Seguridade Aceptable
  - Concepto de Seguridade Jurídica
2. Perigo en Montaña
  - Definición e concepto
  - Identificación do perigo
  - Tipos de perigos
3. Risco en Montaña
  - Definición e concepto
  - Clasificación de riscos
  - Avaliación do risco
4. Accidente en Montaña
  - Definición e concepto
  - Clasificación
  - Causas
5. Planificación da actividade
  - Definición e concepto
  - Código de Seguridade FEDME

##### **Bloque on line**

Superación de 2 cursos, a realizar en e-campus FEDME a realizar dende a data de alta na plataforma moodle da EEAM ata o día da actividade presencial.

1. Curso Gestión del Riesgo (EEAM)
2. Curso de Responsabilidad Civil (EEAM)

Visualización de 3 cápsulas formativas dispoñibles no canal <https://www.youtube.com/@capsulasEEAM>

3. Seguridade «De la Ciudad a la Montaña»
4. Código de Seguridade: 5 cápsulas
5. Técnicas de Seguridade «Planificación»

### 13. Profesorado

Manolo Taibo Vázquez. Membro do Comité de Seguridade da FEDME.

### 14. Certificado de aproveitamento

A EEAM expedirá e remitirá aos participantes, que **teñan cursado e superado o bloque on line**, un certificado de aproveitamento FEDME de cada unha das formacións online..

### 15. Inscripción e prazos

A inscrición farase a través da web <https://fedgalmon.gal/a-egam> cubrindo o formulario e abonando o importe da matrícula; as prazas cubriranse por estrita orde de inscrición ata o luns 4 de abril de 2024, co obxecto de contar con tempo suficiente para poder dar acceso ás persoas inscritas á plataforma da EEAM e realizar os módulos online antes de comezar a fase presencial.

Devolucións económicas: Terán que ser solicitadas expresamente polo interesado/a nun correo-e enviado a [secretaria@fedgalmon.gal](mailto:secretaria@fedgalmon.gal) e terán dereito á devolución total da cota, só as persoas enfermas ou lesionadas que o comunicaran previamente enviando xunto un certificado médico oficial, asinado por un colexiado/a, indicando a imposibilidade de participar.

Link inscrición: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=153>

### 16. Información e contacto

Para cuestións e dúbidas xerais sobre o curso, podes informarte na Federación Galega de Montañismo, teléfono 986 208 758, na Rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou a través do correo [directortecnico@fedgalmon.gal](mailto:directortecnico@fedgalmon.gal), ou [info.egam@gmail.com](mailto:info.egam@gmail.com)

Para resolver calquera dúbida sobre a parte online do curso, pódese contactar coa dirección de correo electrónico [secretaria.eeam@fedme.es](mailto:secretaria.eeam@fedme.es) ou no teléfono 93 426 42 67.